

# Os técnicos superiores sanitarios, exemplo de traballo e implicación

Todos os que coñecemos a fondo o mundo da saúde sabemos que para que o sistema funcione se precisa do traballo e da implicación diario de moitos profesionais. O capital humano é o pilar fundamental para garantir unha atención eficiente e de calidade aos nosos cidadáns. Cada unha das pezas da enorme maquinaria que conforman a sanidade galega son esenciais para mantela en marcha, para preservala e optimizala, coidando día a día a saúde dos nosos cidadáns.

O sistema sanitario é claramente multiprofesional, un sistema no que coexisten distintas categorías profesionais, distintas especialidades, todas elas fundamentais para a mellora da asistencia que lles prestamos aos pacientes. É un labor no que todas as mans contan e no que todas as mans son imprescindibles, por suposto, tamén as dos técnicos superiores sanitarios.

Fago esta primeira consideración, baseada na miña propia experiencia na práctica clínica. Nun servizo de Oncoloxía Radioterápica como o que ata hai ben pouco dirixía, cada día observaba que o técnico superior de radioterapia era a principal conexión co paciente. É certo que estes técnicos son esenciais na administración de tratamentos, colaboran na súa planificación e execución e acompañan aos pacientes durante a súa aplicación. Pero hai algo que debemos ter aínda máis en conta, sobre todo, pensando na medicina que queremos, centrada no coidado do paciente, onde a profesionalidade, o coñecemento, a actitude e a empatía destes profesionais sanitarios é fundamental para acadar esa conexión.

Se este é un bo exemplo do labor que desempeñan os técnicos superiores sanitarios e que coñezo perfectamente pola miña experiencia profesional, coido que aínda hai algo que pode resultar máis clarificador para o conxunto da cidadanía: o labor que desempeñaron durante a pandemia.

Nese momento, o máis difícil que tivemos que afrontar nas últimas décadas desde o punto de vista da saúde, cando a covid tensionaba o noso sistema sanitario, a capacidade destes profesionais quedou absolutamente acreditada.

Os técnicos superiores sanitarios levaron a cabo tarefas e técnicas absolutamente necesarias: nos laboratorios, en radioterapia, en imaxe



**ANTONIO GÓMEZ CAAMAÑO.** Nado en Ferrol en 1962, é licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Oviedo e especialista en Oncoloxía Radioterápica. Desde 2013 é xefe de servizo de Oncoloxía Radioterápica do Hospital Clínico Universitario de Santiago, servizo no que levaba traballando desde o ano 2000. Entre 2021 e 2023 foi presidente da Sociedade Española de Oncoloxía Radioterápica. A súa actividade asistencial e investigadora céntrase no cancro xenitourinario, no de pulmón e na radioxenómica. Ten publicados máis de 100 artigos en revistas científicas indexadas, 25 capítulos e máis de 200 comunicacións e pósters en congresos nacionais e internacionais. É profesor asociado na USC, docente en cursos en varias universidades españolas e relator en 250 eventos científicos. Dende abril de 2024 é conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia

médica... A maior crise sanitaria vivida das últimas décadas puxo en primeira liña de defensa á sanidade, convertendo aos seus profesionais en auténticos heroes. A súa capacidade e implicación é algo do que nos debemos sentir, e nos sentimos, especialmente orgullosos.

O mundo da saúde tampouco pode ser alleo ás potencialidades e posibilidades que ofrecen todas as tecnoloxías emerxentes, como a intelixencia artificial ou a robótica. Isto obriga aos profesionais a unha investigación e actualización constante, sabendo que o capital humano segue



a ser a pata principal para que a aplicación das terapias novidasas no paciente sexa un éxito.

Na Consellería estamos especialmente orgullosos de todo o persoal sanitario, de todos os profesionais que se esforzan por actualizarse e estar ao día sen deixar de atender con mimo e esmero aos nosos pacientes, velando pola súa saúde. A súa capacidade de traballo e de implicación son envexables.

E iso é o que acontece tamén cos técnicos superiores sanitarios, representados nesta asociación ATESSGA. Estes profesionais levan a cabo técnicas e estudos imprescindibles para a diagnose dos pacientes; garanten a calidade e a precisión dos resultados; aplican os protocolos de seguridade, protexendo tanto a pacientes como ao persoal sanitario; colaboran na planificación de tratamentos precisos, maximizando a súa efectividade e minimizando con iso os efectos secundarios; ou acompañan aos pacientes – como antes dicía-, durante os seus tratamentos, proporcionando apoio e asegurando que eses tratamentos se levan a cabo de maneira segura e o máis cómoda e comfortable para os doentes.

O labor que desenvolven os técnicos superiores sanitarios non só contribúe á efectividade do sistema de saúde, senón que tamén mellora a calidade asistencial e a atención. E por iso, como

non podía ser doutro xeito, apoiamos as súas demandas de homologación da titulación e creación dun grado universitario.

Agardo que estas reflexións, ademais de poñer en valor o papel, esencial, que realizan estes profesionais no funcionamento diario dos nosos

***“O labor que desenvolven os técnicos superiores sanitarios mellora a calidade asistencial e a atención”***

centros sanitarios, sirvan tamén para achegar á cidadanía en xeral a importancia que teñen no coidado integral dos pacientes, de cada un de nós, cando temos un problema de saúde e precisamos asistencia.

Quero, no meu nome e no do Goberno galego, trasladar o noso agradecemento aos técnicos superiores sanitarios de Galicia, con quen agardo establecer canles de diálogo permanente e frutífero nesta nova etapa que inicio á fronte da Consellería de Sanidade, sabendo que nos une un obxectivo común: traballar e preservar a saúde dos galegos.

